

IES "ISAAC DÍAZ PARDÓ" - SADA

**PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO
LINGUA GALEGA E
LITERATURA**

2022-2023

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO

a) Introducción e contextualización	5
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	6
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	10
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	12
1. Temporalización.....	12
2. Grao mínimo de consecución para superar a materia	12
3. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	12
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia	32
f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar	34
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	34
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	36
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	37
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato	38
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	38
l) Medidas de atención á diversidade	39
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	39
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada Departamento didáctico	40
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	41

LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO

a) Introducción e contextualización.....	42
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	42
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	45
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	47
1. Temporalización.....	47
2. Grao mínimo de consecución para superar a materia	47
3. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	47
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia	49
f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar	109
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	110
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	111
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	112
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	113
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	113
l) Medidas de atención á diversidade	114
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	116
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada Departamento didáctico.....	117
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	117

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BACHARELATO

a) Introducción e contextualización.....	118
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	119
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	121
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	381
1. Temporalización.....	381
2. Grao mínimo de consecución para superar a materia	381
3. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	383
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia	
f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar	
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	385
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	388
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	390
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	390
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	390
l) Medidas de atención á diversidade	391
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	392
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada Departamento didáctico.....	394
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	394

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO

a) Introducción e contextualización

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural. Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella. Porén, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Unha das maiores preocupacións deste Departamento, e polo tanto un dos obxectivos que trataremos de acadar será o uso oral da lingua galega dentro das nosas clases, xa que fóra delas consideramos que é un obxectivo inalcanzable neste momento. A vila de Sada está próxima á cidade de A Coruña e rodeada de vilas como Betanzos ou Pontedeume, todos eles núcleos urbanos onde a mocidade está abandonando o uso da lingua galega, tanto na función de identidade, como na función familiar ou laboral. A liña de transmisión da lingua de pais a fillos rompeu, os rapaces e rapazas arrastran, en moitos casos fortes prexuízos contra o noso idioma e aínda aqueles poucos, que no ámbito familiar si o usan, abandónano ou incluso renegan del nas súas relacións cos compañeiros/as e cos profesores/as.

Se a isto engadimos que contamos con un continuo ingreso de novo alumnado que procede doutras Comunidades Autónomas e sobre todo doutros países: Colombia, Venezuela, Arxentina, Uruguai,, Brasil... que se incorporaron recentemente, ás veces co curso académico xa comezado, entón é evidente que un dos eixos fundamentais para traballar neste curso que comeza, vai ser conseguir unha inmersión lingüística o máis rápida posible deste alumnado foráneo, e ao mesmo tempo eliminar os prexuízos que impiden a moitos usar a nosa lingua, incluso cando posúen un nivel de competencia escrita moi alto.

Propoñémonos acercalos a uns e a outros á nosa realidade social e cultural, tratando de que a valoren e a aprecien, para que terminen disfrutando e sentíndose orgullosos da nosa literatura, da nosa lingua e da realidade social na que lles tocou vivir.

Dende a nosa área acercarémoslos a esa realidade para que con espírito crítico se desenvolvan autonomamente dentro da nosa sociedade, para isto contribuiremos co desenvolvemento das **competencia clave**.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

No marco das orientacións realizadas pola Unión Europea, insístease na necesidade da adquisición das **competencias clave**. Nos últimos anos definíronse oito competencias clave esenciais, que se consideran necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. Foran incorporadas ao sistema educativo español coa [LOE 2/2006](#) baixo o nome de *competencias básicas*. Agora a [LOMCE 8/2013](#) pon o seu empeño nun modelo curricular baseado no desenvolvemento das competencias do alumnado.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial [ECD/65/2015](#), *a competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en practicas sociais. É un “saber facer”.*

A inclusión das competencias básicas no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.
- Facer que os estudantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.
- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A área de Lingua e literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a **competencia en comunicación lingüística (CCL)**. Esta competencia refírese *á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.*

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua garda unha relación moi estreita con outras competencias básicas:

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**. A lingua é un instrumento de comunicación e de acceso a novos coñecementos, pero tamén é o instrumento fundamental para a construción do pensamento, a produción textual e a creación literaria. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o

control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:

- Lectura comprensiva
- Conversa reflexiva
- Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas
- Interpretación das informacións que proporcionen distintas fontes
- Exposición e conclusións sobre tarefas académicas
- Interese pola autocorrección
- Capacidade de auto e coavaliación

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente.

- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).** A adquisición de habilidades lingüísticas a través da Literatura contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:

- Obradoiros de escrita
- Lectura dramatizada de obras literarias
- Uso dos medios de comunicación social
- Uso das TIC e da Biblioteca
- Realización de debates e coloquios
- Elaboración e exposición de presentacións informáticas

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a e á súa capacidade para traballar en equipo, a través da participación en proxectos que desenvolvan actividades complementarias e contidos transversais, así como a través da investigación arredor de autores e obras e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula.

• **Competencia dixital (CD).** A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- Uso de dicionarios dixitais

- Uso de correctores ortográficos²
- Uso de enciclopedias virtuais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información
- Publicación e dinamización das producións e creacións propias.

Dentro do currículo da materia inclúese o uso de soportes electrónicos para a exposición dos contidos por parte da persoa docente e para a publicación das producións e creacións do alumnado a través do blog e a súa dinamización a través das redes sociais ordinarias.

• **Competencias sociais e cívicas (CSC).** A aprendizaxe da Literatura, como manifestación artística da lingua, contribúe ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas, porque aprender literatura é aprender a perfeccionar a lingua que nos permite comunicarnos cos outros, comprender o que estes transmiten e aproximarnos a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto por todas as manifestacións culturais. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar criticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

- Comentario crítico de textos (de distintos autores/as correspondentes ás distintas etapas).
- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotiá do alumno/a e da súa participación en proxectos relacionados coas actividades complementarias e cos contidos transversais.
- Capacidade de diálogo, participando e conversas, coloquios e debates.

Dentro do currículo da materia inclúese o desenvolvemento na aula de conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto pola quenda de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro.

• **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).** Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada ao relacionarmos as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema... As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística, a expresividade popular e a creación artística:

- Visita a museos
- Participación en concertos

- Asistencia a representacións teatrais
- Proxeccións de filmes e documentais
- Realización de itinerarios literarios

Dentro do currículo da materia inclúense saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais, ademais da lectura e comentario na aula de textos literarios.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). A Literatura non se aprende só para acumular saberes, senón para expresar mellor o que sabemos e, sobre todo, para comprender e expresar o que pensamos e o que sentimos. É imprescindible a Literatura para entender o valor artístico dunha ecuación usada nunha composición poética ou das estatísticas que inzan os xornais; pero sobre todo para entender a relación entre as ciencias en xeral e o mundo artístico.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para desenvolver a necesaria relación e interdependencia entre o pensamento humanístico e o pensamento científico:

- Lectura e interpretación de mapas, gráficas e estatísticas
- Contextualización e interrelación de todas as artes e saberes como produtos dunha época e unha etapa histórica determinada

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

ñ) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1. Temporalización

Os de aprendizaxe están en conexión cos obxectivos e as competencias clave e distribuídos nos cinco bloques nos que se estrutura a materia de Lingua Galega e Literatura. Asemade o libro dixital está organizado en nove unidades que permiten desenvolver o currículo. En cada trimestre traballaránse tres unidades, de xeito que ao remate do curso escolar o alumnado poderá ter unha competencia comunicativa que lle permita serguir formándose como cidadáns e cidadás e interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos da súa vida.

2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Utilización da lingua galega para comunicarse no desenvolvemento da clase.
- Coñecemento da diversidade lingüística e eliminación de prexuízos.
- Adquisición e incorporación dos campos léxicos propostos para este nivel.
- Lectura dun libro por trimestre.
- Realización de lecturas orais con fluidez e expresividade.
- Iniciación á lectura de textos poéticos (oral e silenciosa)
- Recoñecemento e elaboración de diferentes tipos de textos:narración, textos xornalísticos, banda deseñada, a descrición, o texto poético.
- Elaboración de resumos e de esquemas, xerarquizando as ideas.
- Recoñecementos dos elementos que interveñen na formación de palabras: lexemas e morfemas.
- Adquisición do concepto de categoría gramatical e recoñecemento de : substantivo, adxectivo, artigo (determinantes), pronome persoal, verbo, adverbio e preposición.
- Coñecemento da conxugación verbal e dos referentes temporais básicos: pretérito, presente e futuro, así como dos modais.
- Mellora na expresión escrita, organizando os textos con marxes, títulos, apartados...
- Corrección no uso dos signos de puntuación e no uso de maiúsculas e minúsculas.
- Corrección ortográfica, centrándonos nos seguintes apartados e conceptos: o alfabeto, a sílaba tónica, regras de acentuación, ditongos e hiatos, o acento diacrítico e casos especiais de acentuación.
- Recoñecemento dos distintos xéneros literario: lírica, narrativa e teatro.
- Recoñecemento e uso de recursos estilísticos propios da linguaxe literaria.
- Manexo de diversas fontes de información, facendo fincapé no correcto uso de dicionarios e enciclopedias.
- Interpretación dun texto de forma autónoma.
- Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, con estilo cohesionado e correcto (a frase, a cláusula,o modificador, funcións sintácticas...)

3.Procedementos e instrumentos de avaliación

Para este Departamento de Lingua Galega **as probas escritas** nas que o alumno demostre a adquisición de coñecementos son un instrumento importante, por iso se realizarán ao longo do trimestre como mínimo un exame escrito.

Pero tan importante coma o dominio da competencia activa escrita é a mellora da **competencia oral activa**, que nos últimos anos está empeorando. Debido ao ámbito que os rodea, o alumnado do IES Isaac Díaz Pardo atopa máis dificultades á hora de expresarse oralmente en lingua galega. A mellora desta competencia é un obxectivo recollido en todos os niveis da nosa Programación, polo tanto avaliaremos a competencia oral activa do alumno no día a día dentro da clase, solicitándolle **que se exprese en lingua galega durante todas as súas intervencións** públicas, invitándoo a cambiar de rexistro lingüístico cando por descoído se pase ao castelán. **Este requisito será imprescindible para superar a materia.**

No 1º ciclo da ESO co obxectivo de axudar aos alumnos/as a organizar o seu traballo avaliaremos tamén a libreta, a organización desta e a presenza diaria do **material** necesario para traballar dentro da aula. No 2º ciclo da ESO valorarase a boa, ordenada e completa presentación dos exercicios de clase, apuntes e deberes recompilados nun caderno de materia, que deberá estar actualizada.

Con respecto aos **libros de lectura** realizaremos unha exposición oral en grupo . Avaliarase o grao de comprensión lectora do alumno/a referido a esa obra en concreto.

Programaranse probas de **recuperación da materia** non superada. Debido ao carácter da nosa materia de lingua, este Departamento acordou realizar estas probas recuperatorias ao final de curso para poder observar a evolución do alumno e acordar con el que é o que debe mellorar para obter a cualificación final positiva.

O alumno con 1, 2 ou 3 avaliacións suspensas terá oportunidade de recuperalas nese momento.

Para superar cada avaliación o alumnado deberá sumar como mínimo 5 puntos nos apartados dos diferentes criterios de cualificación. De non ser así deberá presentarse á citada **proba final**.

Por acordo deste departamento nos exames ou traballos entregados avaliarase a corrección ortográfica no uso da lingua galega. Para isto seguiranse as mesmas pautas de corrección que se lle aplicarán ao alumno nas futuras probas de acceso á universidade:

-Moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico galego (tempos compostos, mala colocación do pronome átono...)Descontaranse 0,2 puntos.

-Graves: solucións contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...) Acentuación diacrítica. Descontárese 0,1 puntos.

-Leves: solucións alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizarase 0,05.

Poderase descontar por faltas de ortografía e erros gramaticais graves ata un máximo de 1 punto.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de proxectos, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia.

O uso obrigatorio e exclusivo da lingua galega durante o desenvolvemento das clases de lingua galega é un requisito imprescindible para poder aprobar a materia.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DE LINGUA GALEGA E LITERATURA EN RELACIÓN COAS DISTINTAS UNIDADES DE PROGRAMACIÓN DE SEGUNDO CURSO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	En aulaPlaneta
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR					
dehñ	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	CCL CAA	Todas as unidades
			LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	CCL CAA	Todas as unidades
deh	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.	B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL CAA	Todas as unidades
			LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CAA	Todas as unidades
acd h	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CSC CCL	A lingua na actualidade A lingua na educación
			LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	CCL CSC CSIE	A historia da lingua A lingua na ciencia A lingua na Administración

a c d e h	B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas	B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	CCL	O galego no mundo Lingua e igualdade
			LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	CCL CAA CSIEE	Lingua e igualdade
			LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	CSC CAA	O galego no mundo
h o	B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	CCL CAA	Todas as unidades
			LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	CAA	O galego no mundo
			LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízala na súa práctica habitual.	CCL CCEC	Os rexistros da lingua
h o	B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC	Todas as unidades

	coherencia, cohesión e corrección.		LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Todas as unidades
			LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL	Todas as unidades
			LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Todas as unidades
b e g h	B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD CAA CSIEE	A historia da lingua O galego no mundo A lingua na ciencia
			LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	CD CCL CSC	O galego no mundo A lingua na ciencia Lingua e acción!
a c d h	B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	CCL CSC	A lingua na educación
			LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	CCL CSC	A lingua na educación
			LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	CSC CAA	Todas as unidades
a b	B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou	CAA	A historia da lingua A lingua na ciencia

c g h o	estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.	informais, de forma individual ou en grupo.	informais breves.		
			LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	CCL CSC CSIEE	Os rexistros da lingua A lingua na ciencia
			LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.	CLL CSC	Todas as unidades
			LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	CLL CAA	Todas as unidades
			LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA CCL	Todas as unidades
a d h l ñ	B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CSC CSIEE CCEC	Todas as unidades
			LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE	A lingua na actualidade A lingua na Administración
			LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	CCL CSC	A lingua na Administración

			LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CCL CAA	Os rexistros da lingua A lingua na ciencia
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR					
b f h	B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.	B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	CCL CAA	A lingua na ciencia A lingua na Administración
			LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	CCL CAA	Todas as unidades
			LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	CCL CAA	Todas as unidades
			LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL CAA	Todas as unidades
d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do	B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	CCL CSC	A historia da lingua A lingua na actualidade O galego no mundo

	alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.		LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	CCL CSC	Os rexistros da lingua A lingua na ciencia
			LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.	CCL CSC	A lingua na actualidade Os rexistros da lingua
d e h	B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).	B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).	CCL CSC	Todas as unidades
			LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.	CCL	Todas as unidades
d e h	B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	CCL CD CAA	Todas as unidades
			LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	CCL	Todas as unidades
b e h	B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.	B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	CCL CCA	A historia da lingua
			LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	CCL CD CAA	Todas as unidades

			LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.	CCL CD CAA	Todas as unidades
c d h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.	LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CSC	O galego no mundo
			LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL CSC	Todas as unidades
			LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.	CCL CSC	Todas as unidades
h ñ	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.	B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.	CCL CD	Lingua e igualdade
b g h	B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas	B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).	CCL	Todas as unidades

	dos contidos do texto.		LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas).	CCL	Lingua e igualdade A lingua na educación
			LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	CCL	Todas as unidades
			LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	CCL CD	Todas as unidades
			LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	CCL CD	O galego no mundo
b e h	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	CCL CD CSC	Todas as unidades
b e h	B2.10. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).	B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).	CCL CD CSC	Lingua e igualdade

b e h	B2.11. Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	CCL CD	A lingua na Administración A lingua na educación
b e h	B2.12. Producción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descrições.	LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	CCL CD	Todas as unidades
			LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.	CCL	A lingua na Administración
b e f h	B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.	B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.	LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.	CCL CD	Todas as unidades
d h	B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.	B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.	LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos.	CCL CSC CCEC	Todas as unidades
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA					

b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	CCL CCC	Todas as unidades
a d e	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL CAA	A historia da lingua
b e n l	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL CAA	Todas as unidades
b e	B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.	B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.	LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.	CCL CD	Todas as unidades
b e	B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL	Todas as unidades
LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.			CCL	Todas as unidades	
e	B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL	Lingua e igualdade A lingua na educación

b e	B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.	B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.	LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	CCL CAA	A historia da lingua
			LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.	CCL CAA	Todas as unidades
e h	B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.	CCL CAA	Apéndice de ortografía
			LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.	CCL	Apéndice de ortografía
e h	B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.	CCL	Todas as unidades
e	B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.	B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.	CCL CAA	A lingua na ciencia

b e h	B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA	A lingua na actualidade O galego no mundo
b e	B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Todas as unidades
BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE					
ñ o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.	CCL CSC	Todas as unidades A lingua na actualidade
			LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.		

			LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.	CCL CSC	A lingua na actualidade
			LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.	CCL	A lingua na actualidade
			LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.	CCL CCEC	O galego no mundo
			LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.	CCL CCEC CD	Todas as unidades
ño	B4.4. Situación sociolingüística do galego.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.	LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.	CCL	A lingua na actualidade
			LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos.	CCL	Apéndice de ortografía
ño	B4.5. Proceso de normalización.	B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo,	LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.	CCL CSC	O galego no mundo

	Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC	O galego no mundo
ño	B4.6. Situación legal das linguas do Estado español.	B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.	LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.	CCL CSC	A lingua na actualidade
ño	B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL CSC	O galego no mundo
ño	B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.	LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.	CCL	Os rexistros da lingua
			LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.	CCL	Os rexistros da lingua
			LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.	CCL	Os rexistros da lingua
			LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL CSC	Os rexistros da lingua
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA					

h l	B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.	CCL CCL	Todas as unidades Todas as unidades
h l	B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.	B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.	CCL	A historia da lingua
h l	B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	CCL	Os rexistros da lingua

h l	B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	CCL	A lingua na Administración
h l	B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	CCL	Os rexistros da lingua A lingua na ciencia A lingua na Administración
			LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	CCL	Os rexistros da lingua A lingua na ciencia A lingua na Administración
h l	B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	CCL	Os rexistros da lingua A lingua na ciencia A lingua na Administración
h l n	B5.7. Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL CCEC	Todas as unidades
h l n	B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da	B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	CCL CCEC	Lingua e acción!

	linguaxe cinematográfica.		LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.	CCL CCEC	Lingua e acción!
e h l	B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD	Todas as unidades

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxetivos fundamentais: a consecución de obxetivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o entramento individual e o traballo reflexivo de procedimentos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo aporta, ademais do entramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para entrentar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxetivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e cercanas aos alumnos.

- Os métodos de ensinanza se adaptarán ás características e necesidades dos alumnos/as. Por tal motivo, terase en conta o estilo de aprendizaxe dos alumnos, atendendo ao principio de *individualización*, o que supón un proceso continuado de axuste pedagóxico e de axuda para lograr alcanzar os obxetivos propostos.
- Realízase unha avaliación inicial dos coñecementos previos ao comezo do curso escolar. Cada profesor/a poderá decidir o procedemento máis adecuado para esta avaliación inicial, de acordo co establecido polo correspondente Departamento Didáctico.
- Os contidos das áreas específicas serán obxecto dun tratamento globalizador, facendo fincapé no tratamento dos temas transversais.

- Adaptarase a metodoloxía ás capacidades do alumnado, buscando un equilibrio entre ditas capacidades e os coñecementos que deben adquirirse no nivel.

Para que o alumnado poida acadar os obxectivos recollidos na LOMCE non utilizaremos un único método de ensino senón que combinaremos varios dependendo do tipo de contidos que se traballen en cada momento e das dificultades que observemos.

Haberá explicación de conceptos teóricos por parte do profesorado que se completarán coa información dos libros de texto, e de materiais audiovisuais que temos á nosa disposición en internet.

Proporanse actividades individuais e en grupo, nas que o alumnado contará co apoio e orientación do profesorado perante as dúbidas e dificultades que vaian xurdindo.

Utilizarase a Biblioteca do centro como un espazo complementario de traballo e de actividades de investigación lingüística e literaria.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

O material que se utilizará habitualmente será o libro dixital editorial Planeta , que funcionará como elo condutivo para o alumno.

Pero evidentemente non será o único material que empregaremos. Botaremos man dos libros de lectura, para iso achegarémonos á biblioteca do centro e ás bibliotecas virtuais.

Libros de lectura :

1ª Avaliación: A ladroa da biblioteca de Meirás Eva Mejuto Edic. Xerais

2ª Avaliación: Tres, catorce, dezaseis Rocío Leira

3ª Avaliación. Corredores de sombras Agustín Fernández Paz Edicións Xerais

O listado de libros poderá ser modificado debido a determinadas circunstancias (novidades editoriais, problemas coa distribución do libro,etc.)

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

2º de ESO:

Os criterios de cualificación para os alumnos e alumnas de 2º de ESO serán os seguintes:

1. PROBAS ESCRITAS: 70% da nota total. En cada unha das avaliacións realizaranse dúas probas escritas que consistirá na elaboración dun exame sobre a teoría e a práctica da materia traballada na aula ao longo do trimestre. Estas `probas escritas desenvolverase en dous días a mediados da avaliación e ao final.

2. LIBRO DE LECTURA: 10% da nota total. En cada unha das avaliacións o departamento establecerá a lectura dun libro que se avaliará por medio dunha exposición oral en grupo

Libros de lectura obrigatoria:

1ª Avaliación: A ladroa da biblioteca de Meirás Eva Mejuto Edic Xerais

2ª Avaliación: Tres, catorce, dezaseis Rocío Leira

3ª Avaliación: Corredores de sombras Agustín Fernández Paz

O listado de libros poderá ser modificado debido a determinadas circunstancias (novidades editoriais, problemas coa distribución do libro,etc.)

3. PROXECTO TRIMESTRAL: 10%.

Realizarase unha exposición oral individual sobre temas da vida cotiá próximos ao alumnado .

4. TRABALLO PERSOAL E ACTITUDE: 10%. Baremarase o uso oral da lingua galega en todas as intervencións que faga o alumno/a durante a sesión da clase. Así como a participación, actitude cara o traballo, entrega puntual dos traballos solicitados, tanto nas tarefas realizadas na casa coma no traballo na sesión da clase e a súa implicación na aprendizaxe da materia, caderno de traballo do alumno completo e cunha boa presentación que será revisada unha vez no trimestre.O profesor/a rexistrará no seu caderno de alumno/a, mediante positivos/negativos o traballo ao longo do trimestre.

ORTOGRAFÍA

En 2º de ESO o departamento de lingua galega determinou baixar en todos os exames realizados ao longo do curso: 0,2 por cada falta moi grave (utilización de tempos compostos, mala colocación do pronome ...) , 0,1 por cada falta grave (b/v, h, y ...), acentuación diacrítica, e 0,05 por cada falta leve (acentuación non diacrítica). Ata un máximo de 1 punto.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de proxectos, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia.

REDONDEO:

No caso de que a media dea como resultado unha cifra con decimais, o redondeo ao superior farase a partir de 0,6 ou ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.

RECUPERACIÓNS DA AVALIACIÓNS: farase unha proba de recuperación para aquel alumnado que non teña superado a materia ao longo do curso.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente figuran nas táboas xerais incluídas no apartado correspondente do curso anterior de primeiro de ESO.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos coa materia pendente do curso anterior realizarán un exame da materia en dous momentos do curso que versarán sobre os contidos mínimos fixados polo Departamento. De non superar os exames parciais, que fan media entre eles, terán que presentarse a un exame para recuperar a parte ou partes que teñan suspensas.

Os alumnos pendentes terán un seguimento por parte da profesora, na súa evolución, dúbidas previas ao exame e preparación do exame de pendentes ao que terán que presentarse para acadar unha avaliación positiva

O redondeo de notas con decimais unicamente se fará á alza (á nota seguinte) se alcanza as 6 décimas.

A constatación dun exame fraudulento suporá unha calificación de cero.

En canto ao plan de reforzo realizado ao alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, no Artigo 51 da citada Orde, se establece que: “O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias”... “En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos nos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria”. No noso departamento procederase ese seguimento por parte de

Por cada unha das probas se lle fará unha orientación en contidos e exercicios sobre os aspectos gramaticais, sociolingüísticos e de literatura correspondentes.

Se os alumnos logran aprobar cada unha das partes ó longo do curso non será preciso que se presenten ó exame final.

En caso de non conseguir superar a materia nestas dúas probas deberán presentarse ó exame final, que será no mes de Abril-Maio.

O exame final do alumnado de Bacharelato coa materia pendente será a principios de abril e o exame final do alumnado da ESO coa materia pendente será a principios de maio.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Ao ser común a materia de Lingua galega e literatura non se ve afectada por este epígrafe

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Realizaremos diferentes probas de avaliación inicial:

- Proba escrita para valorar a comprensión e expresión escrita, así como contidos básicos de gramática e literatura.
- Faremos tamén un exercicio para valorar a expresión e comprensión oral.
- Proporemos actividades que nos permitan facer unha primeira valoración da dinámica do grupo e das habilidades sociais do alumnado.

Con esta información intentaremos esbozar unha aproximación aos seguintes aspectos:

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideran identificar; conven pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos y as alumnas para os traballos cooperativos.

- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar ao nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Neste momento non se poden concretar as medidas individuais ou colectivas necesarias para superar as dificultades que poida haber porque aínda están comezando a realizarse as avaliacións iniciais.

No momento en que teñamos toda a información poñeremonos en contacto co Departamento de Orientación para tratar este tema.

I) Medidas de atención á diversidade

Neste momento do curso aínda nos atopamos na fase de elaboración de Avaliacións iniciais, nas que se detectarán as necesidades educativas do alumnado. O Departamento de Orientación traballa arreo para conseguir distribuír os reforzos educativos nos diferentes grupos, para poder asistir, ben con PT, ben con profesorado con dispoñibilidade horaria, as necesidades educativas de reforzo, ACI ou outras medidas que sexan necesarias.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

1.A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual

3.A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4.No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

O departamento traballará todos os elementos transversais que marca a lei e utilizará para isto os materiais á súa disposición e propondrá actividades de diferentes tipos para promover no alumnado os valores democráticos baseados no respecto aos demais e o rexeitamento da violencia para resolver os conflitos.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Como marca a lei, o Departamento reúne unha vez ao mes e un dos obxectivos destas reunións é realizar un seguimento da programación, unha análise das dificultades que van xurdindo e a procura de estratexias para mellorar os resultados acadados polo alumnado.

Outro mecanismo de revisión e avaliación é a análise dos datos do remate do curso que figurarán na Memoria final e que poden axudar a ter unha idea máis precisa dos acertos e das dificultades que se produciron ao longo do curso, así como a necesidade de realizar cambios nalgún aspecto ou de manter liñas de traballo que deron resultados satisfactorios.

LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO

a) Introducción e contextualización

Remitimos ao mesmo apartado dos cursos anteriores da ESO.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

No marco das orientacións realizadas pola Unión Europea, insítese na necesidade da adquisición das **competencias clave**. Nos últimos anos definíronse oito competencias clave esenciais, que se consideran necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. Foran incorporadas ao sistema educativo español coa [LOE 2/2006](#) baixo o nome de *competencias básicas*. Agora a [LOMCE 8/2013](#) pon o seu empeño nun modelo curricular baseado no desenvolvemento das competencias do alumnado.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial [ECD/65/2015](#), *a competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en practicas sociais. É un “saber facer”.*

A inclusión das competencias básicas no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.
- Facer que os estudantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.
- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A área de Lingua e literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a **competencia en comunicación lingüística (CCL)**. Esta competencia refírese á *utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.*

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua garda unha relación moi estreita con outras competencias básicas:

- **Competencia para aprender a aprender (CAA).** A lingua é un instrumento de comunicación e de acceso a novos coñecementos, pero tamén é o instrumento fundamental para a construción do pensamento, a produción textual e a creación literaria. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:

- Lectura comprensiva
- Conversa reflexiva
- Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas
- Interpretación das informacións que proporcionen distintas fontes
- Exposición e conclusións sobre tarefas académicas
- Interese pola autocorrección
- Capacidade de auto e coavaliación

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente.

- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).** A adquisición de habilidades lingüísticas a través da Literatura contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:

- Obradoiros de escrita
- Lectura dramatizada de obras literarias
- Uso dos medios de comunicación social
- Uso das TIC e da Biblioteca
- Realización de debates e coloquios
- Elaboración e exposición de presentacións informáticas

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a e á súa capacidade para traballar en equipo, a través da participación en proxectos que desenvolvan actividades complementarias e contidos transversais, así como a través da

investigación arredor de autores e obras e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula.

• **Competencia dixital (CD).** A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- Uso de dicionarios dixitais
- Uso de correctores ortográficos²
- Uso de enciclopedias virtuais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información
- Publicación e dinamización das producións e creacións propias.

Dentro do currículo da materia inclúese o uso de soportes electrónicos para a exposición dos contidos por parte da persoa docente e para a publicación das producións e creacións do alumnado a través do blog e a súa dinamización a través das redes sociais ordinarias.

• **Competencias sociais e cívicas (CSC).** A aprendizaxe da Literatura, como manifestación artística da lingua, contribúe ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas, porque aprender literatura é aprender a perfeccionar a lingua que nos permite comunicarnos cos outros, comprender o que estes transmiten e aproximarnos a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto por todas as manifestacións culturais. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar criticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

- Comentario crítico de textos (de distintos autores/as correspondentes ás distintas etapas).
- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotiá do alumno/a e da súa participación en proxectos relacionados coas actividades complementarias e cos contidos transversais.
- Capacidade de diálogo, participando e conversas, coloquios e debates.

Dentro do currículo da materia inclúese o desenvolvemento na aula de conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto pola quenda de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro.

- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).** Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada ao relacionarmos as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema... As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística, a expresividade popular e a creación artística:
 - Visita a museos
 - Participación en concertos
 - Asistencia a representacións teatrais
 - Proxeccións de filmes e documentais
 - Realización de itinerarios literarios

Dentro do currículo da materia inclúense saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais, ademais da lectura e comentario na aula de textos literarios.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). A Literatura non se aprende só para acumular saberes, senón para expresar mellor o que sabemos e, sobre todo, para comprender e expresar o que pensamos e o que sentimos. É imprescindible a Literatura para entender o valor artístico dunha ecuación usada nunha composición poética ou das estatísticas que inzan os xornais; pero sobre todo para entender a relación entre as ciencias en xeral e o mundo artístico.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para desenvolver a necesaria relación e interdependencia entre o pensamento humanístico e o pensamento científico:

- Lectura e interpretación de mapas, gráficas e estatísticas
- Contextualización e interrelación de todas as artes e saberes como produtos dunha época e unha etapa histórica determinada

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- ñ) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe available de:

1. Temporalización

Os de aprendizaxe están en conexión cos obxectivos e as competencias clave e distribuídos nos cinco bloques nos que se estrutura a materia de Lingua Galega e Literatura. Asemade o libro de texto está organizado en nove unidades que permiten desenvolver o currículo. En cada trimestre traballaránse tres unidades, de xeito que ao remate do curso escolar o alumnado poderá ter unha competencia comunicativa que lle permita serguir formándose como cidadáns e cidadás e interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos da súa vida.

2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

- ✚ Comprensión das ideas transmitidas nos textos.
- ✚ Dedución de tema, argumento e ideas principais nos textos literarios.
- ✚ Coñecemento das regras de acentuación, ortográficas e de puntuación.
- ✚ Organización formal dos textos: marxes, título, orde, tipos de parágrafos.
- ✚ Expresión das ideas con coherencia, empregando de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns.
- ✚ Utilización da lingua galega, oral e escrita, da forma máis axeitada á situación comunicativa, así como para a elaboración de todo tipo de producións (artigos de opinión, textos argumentativos, comentarios literarios, diapositivas das presentacións ...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- ✚ Emprego de instrumentos de corrección na produción de textos escritos, respectando a ortografía e a puntuación dos textos.
- ✚ Produción de textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixibles neste nivel.
- ✚ Coñecemento das principais etapas e autores da literatura galega do século XX.
- ✚ Coñecemento das distintas unidades e funcións sintácticas . Distinción entre cláusulas (simples e complexas) e oracións. Identificación das funcións sintácticas.
- ✚ Identificación do xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecer os seus elementos estruturais e os recursos estilísticos básicos e emitir unha opinión valorativa sobre ela.
- ✚ Coñecemento da historia externa da lingua galega no século XX
- ✚ Coñecemento das principais características dos bloques dialectais.
- ✚ Elaboración de traballos de investigación : organización, estrutura, presentación.

3.Procedementos e instrumentos de avaliación

Para este Departamento de Lingua Galega **as probas escritas** nas que o alumno demostre a adquisición de coñecementos son un instrumento importante, por iso se realizarán ao longo do trimestre como mínimo un exame escrito.

Pero tan importante coma o dominio da competencia activa escrita é a mellora da **competencia oral activa**, que nos últimos anos está empeorando. Debido ao ámbito que os rodea, o alumnado do IES Isaac Díaz Pardo atopa máis dificultades á hora de expresarse oralmente en lingua galega. A mellora desta competencia é un obxectivo recollido en todos os niveis da nosa Programación, polo tanto avaliaremos a competencia oral activa do alumno no día a día dentro da clase, solicitándolle **que se exprese en lingua galega durante todas as súas intervencións** públicas, invitándoo a cambiar de rexistro lingüístico cando por descoído se pase ao castelán. **Este requisito será imprescindible para superar a materia.**

Outro instrumento de avaliación importante será o traballo diario na aula, tanto o de carácter individual, coma o realizado en grupo; así como a participación e implicación nas actividades da aula.

No 2º ciclo da ESO valorarase a boa, ordenada e completa presentación dos exercicios de clase, apuntes e deberes recompilados nun caderno de materia, que deberá estar actualizada.

Con respecto aos **libros de lectura** realizaremos unha proba escrita . Avaliarase a continuación o grao de comprensión lectora do alumno/a referido a esa obra en concreto.

Coa intención de fomentar os hábitos lectores do alumno/a propoñeremos libros de **lectura voluntaria** que se puntuarán sobre a nota final do trimestre ata 0.5 puntos . Ademais pedirase que a obra de lectura estea lida antes do prazo marcado.

Por acordo deste departamento nos exames ou traballos entregados avaliarase a **corrección ortográfica** no uso da lingua galega. Para isto seguiranse as mesmas pautas de corrección que se lle aplicarán ao alumno nas probas de acceso á universidade:

- moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico galego (tempos compostos, mala colocación do pronome átono...)
Descontaranse 0,2 puntos.
- graves: solucións contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...)
Acentuación diacrítica. Descontarese 0,1 puntos.
- Leves: solucións alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizarase 0,05.

Poderase descontar por faltas de ortografía e erros gramaticais graves ata un máximo de 1 punto.

O alumnado que, eventualmente, poida perder o dereito á avaliación continua por acumulación de **faltas de asistencia sen xustificar**, terá dereito a presentarse á proba final.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de proxectos, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia.

O uso obrigatorio e exclusivo da lingua galega durante o desenvolvemento das clases de lingua galega é un requisito imprescindible para poder aprobar a materia.

ORGANIZACIÓN SECUENCIACION DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁ, DARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DE LINGUA E LITERATURA GALEGA EN RELACIÓN COAS DISTINTAS UNIDADES DE PROGRAMACIÓN DE CUARTO CURSO

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxetivos fundamentais: a consecución de obxetivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o entramento individual e o traballo reflexivo de procedimentos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo aporta, ademais do entramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para entamar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxetivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e cercanas aos alumnos.

- Os métodos de ensinanza se adaptarán ás características e necesidades dos alumnos/as. Por tal motivo, terase en conta o estilo de aprendizaxe dos alumnos, atendendo ao principio de *individualización*, o que supón un proceso continuado de axuste pedagóxico e de axuda para lograr alcanzar os obxetivos propostos.
- Realízase unha avaliación inicial dos coñecementos previos ao comezo do curso escolar. Cada profesor/a poderá decidir o procedemento máis adecuado para esta avaliación inicial, de acordo co establecido polo correspondente Departamento Didáctico.
- Os contidos das áreas específicas serán obxecto dun tratamento globalizador, facendo fincapé no tratamento dos temas transversais.

- Adaptarase a metodoloxía ás capacidades do alumnado, buscando un equilibrio entre ditas capacidades e os coñecementos que deben adquirirse no nivel.

Para que o alumnado poida acadar os obxectivos recollidos na LOMCE non utilizaremos un único método de ensino, senón que combinaremos varios dependendo do tipo de contidos que se traballen en cada momento e das dificultades que observemos.

	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Describir as causas do asentamento do teatro galego a partir da década dos 70. Resumir a traxectoria do Grupo Abrente e coñecer os seus principais representantes.	LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. Describe as causas do asentamento do teatro galego a partir da década dos 70. Resume a traxectoria do Grupo Abrente e destaca os seus principais representantes.	C C L
--	---	---	--	-------------

f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

Un material que se utilizará habitualmente será o libro de texto Lingua e literatura 4º ESO da editorial Xerais Lingua 4º ESO que funcionará como elo condutivo para o alumno.

Pero evidentemente non será o único que empregaremos. Botaremos man dos libros de lectura, para iso achegarémonos á biblioteca do centro e ás bibliotecas virtuais.

Libros de lectura :

As obras elixidas por este departamento son:

1ª avaliación: Made in Galiza Sechu Sende

2ª avaliación: Nun lugar chamado Guerra Jordi Sierra i Fabra

3ª avaliación: A viaxe de Gagarin Agustín Fernández Paz

O Departamento poñerá a disposición dos alumnos unha lista de libros recomendables, e polo tanto, non obrigatorios, que contarán en cada avaliación ata un máximo de 0,5 puntos.

O alumno deberá comunicar ao profesor/a o seu interese nestas lecturas voluntarias entre as que se poderán escoller:

A praia dos afogados, Domingo Villar

Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta Leticia Costas

Ollos de auga Domingo Villar

Merlín e familia, Álvaro Cunqueiro

O soño sulagado Celso Emilio Ferreiro

Memorias dun neno labrego Neira Vilas

O alumnado entregará un pequeno traballo sobre a lectura para acreditar a comprensión e análise da obra. Este traballo deberá ser entregado, como mínimo, un mes antes de que se celebre a xunta de avaliación, para poder ser cualificado nesa avaliación.

O listado de libros poderá ser modificado debido a determinadas circunstancias (novidades editoriais, problemas coa distribución do libro,etc.)

A prensa en diferentes soportes tamén estará presente no traballo da aula e os materiais audiovisuais e os recursos das TIC será habituais neste nivel para realizar investigacións, resolver dúbidas ou desenvolver os contidos do curso para poder acadar da forma máis completa posible os obxectivos deste nivel.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

1.- PROBA ESCRITA: 70% da cualificación. En cada trimestre realizarase unha ou dúas probas escrita que recollerá cuestións referidas á materia traballada na clase durante ese período: gramática, ortografía, lingua e sociedade, léxico e semántica, análise e comprensión de textos literarios e autores, etapas e xéneros da nosa literatura. Unha semana antes de realizar a proba o profesor explicará a estrutura desta.

2.- LECTURA OBRIGATORIA: 10% da cualificación. Realizarase unha proba escrita a mediados do trimestre que consistirá en: preguntas referidas ao contido da obra, a través das respostas, o alumno demostrará a lectura e comprensión da obra; e preguntas referidas á análise dun pequeno fragmento da obra, aproveitando así o traballo da análise de texto: tema, posible título, resumo, estrutura e comentario crítico persoal. Este exame será baremado de 1 a 10 puntos.

As obras elixidas por este departamento son:

Libros de lectura :

As obras elixidas por este departamento son:

1ª avaliación: Made in Galiza Sechu Sende

2ª avaliación: Nun lugar chamado Guerra Jordi Sierra i Fabra

3ª avaliación: A viaxe de Gagarin Agustín Fernández Paz

O Departamento poñerá a disposición dos alumnos unha lista de libros recomendables, e polo tanto, non obrigatorios, que contarán en cada avaliación ata un máximo de 0,5 puntos.

O alumno deberá comunicar ao profesor/a o seu interese nestas lecturas voluntarias entre as que se poderán escoller:

A praia dos afogados, Domingo Villar

Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta Leticia Costas

Ollos de auga Domingo Villar

Merlín e familia, Álvaro Cunqueiro

O soño sulagado Celso Emilio Ferreiro

Memorias dun neno labrego Neira Vilas

O alumnado entregará un pequeno traballo sobre a lectura para acreditar a lectura, comprensión e análise da obra. Este traballo deberá ser entregado, como mínimo, un mes antes de que se celebre a xunta de avaliación, para poder ser cualificado nesa avaliación.

O listado de libros poderá ser modificado debido a determinadas circunstancias (novidades editoriais, problemas coa distribución do libro, etc.)

3.- TRABALLO PERSOAL E USO DA LINGUA GALEGA: 10% da cualificación.

Baremarase o uso oral da lingua galega en todas as intervencións que faga o alumno/a durante a sesión da clase. Así como a participación, actitude cara ao traballo, entrega puntual dos traballos solicitados, tanto nas tarefas realizadas na casa como no traballo na sesión da clase e a súa implicación na aprendizaxe da materia, caderno de traballo do alumno completo e cunha boa presentación que

poderá ser revisado unha vez no trimestre. O profesor/a rexistrará no seu caderno de alumno/a, mediante positivos/negativos o traballo ao longo do trimestre

4.- PROXECTOS DE TRABALLO: 10% da cualificación. En cada trimestre pediráselle ao alumno a elaboración dun proxecto de traballo, individual ou en grupo

RECUPERACIÓN: En relación coa recuperación final farase igual que nos cursos anteriores da ESO (exame final para recuperar a materia)
A nota da avaliación de xuño é a media das tres avaliacións.

Redondeo: no caso de que a media dea como resultado unha cifra con decimais, o redondeo ao superior farase a partir de 0,6 ou ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.

CONVOCATORIA FINAL : a cualificación da avaliación final é o resultado exclusivo de exame. Os contidos obxecto de avaliación son os mesmos que nas avaliacións

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente figuran asociados nas táboas xerais indicadas no curso de primeiro da ESO.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos coa materia pendente do curso anterior realizarán un exame da materia durante o mes de outubro , e outro parcial en xaneiro, que versarán sobre os contidos mínimos fixados polo Departamento. De non superar os exame parciais, que fan media entre eles, terán que presentarse a un exame no mes de maio para recuperar a parte ou partes que teñan suspensas.

En canto ao plan de reforzo realizado ao alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, no Artigo 51 da citada Orde, se establece que: “O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias”... “En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos nos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria”. No noso departamento procederase ese seguimento por parte de

Ana Casas encargárase do seguimento do alumnado coa materia pendente de 3º de ESO .

O profesor correspondente faralle entrega ao alumno/a coa materia pendente un bloque de exercicios correspondente aos contidos mínimos . A materia será dividida en dúas partes .

Por cada unha das probas se lle entregará ao alumno un caderno de exercicios que deberán recoller os aspectos gramaticais , sociolingüísticos e de literatura correspondentes.

Se os alumnos logran aprobar cada unha das partes ó longo do curso non será preciso que se presenten ó exame final.

En caso de non conseguir superar a materia nestas dúas probas deberán presentarse ó exame final, que será no mes de Abril-Maio.

O exame final do alumnado de Bacharelato coa materia pendente será a principios de abril e o exame final do alumnado da ESO coa materia pendente será a principios de maio.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

A nosa materia, ao ser común, non se ve afectada por este epígrafe.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Realizaremos diferentes probas de avaliación inicial:

- Proba escrita para valorar a comprensión e expresión escrita, así como contidos básicos de gramática e literatura.
- Faremos tamén un exercicio para valorar a expresión e comprensión oral.
- Proporemos actividades que nos permitan facer unha primeira valoración da dinámica do grupo e das habilidades sociais do alumnado.

Con esta información intentaremos esbozar unha aproximación aos seguintes aspectos:

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideran identificar; conven pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos y as alumnas para os traballos cooperativos.

- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar ao nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Neste momento non se poden concretar as medidas individuais ou colectivas necesarias para superar as dificultades que poida haber porque aínda están comezando a realizarse as avaliacións iniciais.

No momento en que teñamos toda a información poñeremonos en contacto co Departamento de Orientación para tratar este tema, de consideralo necesario.

I) Medidas de atención á diversidade

Neste momento do curso aínda nos atopamos na fase de elaboración de Avaliacións iniciais, nas que se detectarán as necesidades educativas do alumnado. O Departamento de Orientación traballa arreo para conseguir distribuír os reforzos educativos nos diferentes grupos, para poder asistir, ben con PT, ben con profesorado con dispoñibilidade horaria, as necesidades educativas de reforzo, ACI ou outras medidas que sexan necesarias.

Ademais desta atención á diversidade, cada profesor/a atenderá ao alumnado, intentando subsanar as dificultades que se detecten con actividades de reforzo; ao igual que intentará proporcionar puntualmente actividades de ampliación ou enriquecemento a aqueles alumnos/as que levan un ritmo de aprendizaxe superior á media.

ADAPTACIÓN METODOLÓXICA DUN ALUMNO DE 4º DE ESO CON ATENCIÓN DOMICILIARIA

Procedementos e instrumentos de avaliación

Para este Departamento de Lingua Galega **as probas escritas** nas que o alumno demostre a adquisición de coñecementos son un instrumento importante, por iso se realizarán ao longo de cada trimestre un exame escrito. Poderá ser realizado en dúas sesións diferentes ao longo do trimestre.

Programaranse probas de **recuperación da materia** non superada. Debido ao carácter da nosa materia de lingua, este Departamento acordou realizar estas probas recuperatorias ao final de curso para poder observar a evolución do alumno e acordar con el que é o que debe mellorar para obter a cualificación final positiva.

O alumno, de ter 1, 2 ou 3 avaliacións suspensas, terá oportunidade de recuperalas nese momento. Para superar cada avaliación o alumnado deberá sumar como mínimo 5 puntos nos apartados dos diferentes criterios de cualificación. De non ser así deberá presentarse en xuño á citada **proba final**.

Por acordo deste departamento nos exames ou traballos entregados avaliarase a corrección ortográfica no uso da lingua galega. Para isto seguiranse as mesmas pautas de corrección que se lle aplicarán ao alumno nas futuras probas de acceso á universidade:

-Moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico galego (tempos compostos, mala colocación do pronome átono...)Descontaranse 0,2 puntos.

-Graves: solucións contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...) Acentuación diacrítica. Descontárese 0,1 puntos.

-Leves: solucións alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizarase 0,05.

Poderase descontar por faltas de ortografía e erros gramaticais graves ata un máximo de 1 punto.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de proxectos, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

O uso obrigatorio e exclusivo da lingua galega durante o desenvolvemento das clases de lingua galega é un requisito imprescindible para poder aprobar a materia.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

O material que se utilizará habitualmente será o libro dixital editorial Xerais , que funcionará

como elo condutivo para o alumno.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de cualificación para este alumno serán os seguintes:

1. PROBAS ESCRITAS: 50% da nota total. En cada unha das avaliacións realizarase unha proba escrita que consistirá na elaboración dun exame sobre a teoría e a práctica da materia traballada ao longo do trimestre. Poderá ser realizado en dúas sesións diferentes ao longo do trimestre.

2. TRABALLO PERSOAL E ACTITUDE: 50% Baremarase a actitude cara o traballo, e a súa implicación na aprendizaxe da materia.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

O departamento traballará todos os elementos transversais que marca a lei e utilizará para isto os materiais á súa disposición e propondrá actividades de diferentes tipos para promover no alumnado os valores democráticos baseados no respecto aos demais e o rexeitamento da violencia para resolver os conflitos.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Como marca a lei, o Departamento reúnese unha vez ao mes e un dos obxectivos destas reunións é realizar un seguimento da programación, unha análise das dificultades que van xurdindo e a procura de estratexias para mellorar os resultados acadados polo alumnado.

Outro mecanismo de revisión e avaliación é a análise dos datos do remate do curso que figurarán na Memoria final e que poden axudar a ter unha idea máis precisa dos acertos e das dificultades que se produciron ao longo do curso, así como a necesidade de realizar cambios nalgún aspecto ou de manter liñas de traballo que deron resultados satisfactorios.

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º de BACHARELATO

a) Introducción e contextualización

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais. Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O tratamento de todos estes contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deses contidos ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

Bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.

Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.

Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.

Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.

Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística (CCL): A creación e interpretación de emisións orais, a lectura de textos de diversa índole, así como a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación, amais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e da realización de producións orais planificadas, son todas elas actividades que contribúen a un desenvolvemento activo das competencias en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender (CAA): a interrelación dos contidos conceptuais estudados na clase coa lectura de textos de carácter literario, histórico ou documental reforza as estratexias cognitivas e permite unha adquisición pertinente e contextualizada dos citados contidos. A análise crítica de diferentes discursos contribúe a desenvolver estratexias para a comprensión do sentido literal e o significado implícito de calquera tipo de texto.

Competencia dixital (CD): A procura de información, non só escrita, senón tamén audiovisual a través da rede, e a elaboración, tratamento e presentación da información en formato dixital permite desenvolver esta competencia.

Competencia social e cidadá (CSC): Comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade. Tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social, leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade e do devir da mesma.

Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT): Contribuírse ao coñecemento e análise das transformacións industriais e tecnolóxicas e as súas repercusións, positivas e negativas, sobre a vida humana e do planeta en xeral. O respecto e coidado do medio, o uso responsábel dos recursos naturais, o consumo racional e crítico son elementos para a calidade de vida. Unha visión crítica co discurso antropocéntrico e o desenvolvemento das ferramentas cognitivas (lingüísticas e interpretativas) permitirán tomar decisións con autonomía e iniciativa nun mundo onde os cambios científicos e tecnolóxicos teñen unha influencia decisiva na vida individual e colectiva.

Conciencia e expresións culturais (CEC). Favorécese o coñecemento, comprensión e valoración crítica das manifestacións culturais e artísticas e a súa utilización como fonte de enriquecemento persoal e de goce, valorando a súa protección e conservación como parte do patrimonio dos pobos. O estudo da historia da lingua e da literatura contribúe ao coñecemento básico de diferentes obras e manifestacións destacadas do patrimonio cultural, ao mesmo tempo que capacita para identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade e as persoas que as crearon. Permite coñecer os diferentes estilos artísticos e literarios que se sucederon na ao longo da Historia, nomeadamente nos períodos medieval, moderno e contemporáneo.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Contribúese a que o alumnado sexa quen de deseñar, artellar, desenvolver e avaliar accións e proxectos, individuais ou colectivos, con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

- Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
- Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Ler comprensivamente.
- Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
- Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
- Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal.
- Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
- Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
- Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
- Recoñecer a presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
- Repasar casos de ortografía dubidosa.
- Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
- Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
- Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
- Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
- Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos, e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.

- Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
- Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
- Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
- Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a súa historia.
- Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
- Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
- Identificar, analizar e describir a literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade, en todos os seus xéneros e subxéneros e con todas as súas correntes estéticas sucesivas.
- Ler e comentar textos significativos da literatura galega desde principios do século XX á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e recoñecer a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero a que pertencen.
- Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.

UNIDADE 1

CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
<p>Bloque 1</p> <p>1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.</p> <p>2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.</p> <p>3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).</p> <p>4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.</p> <p>5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.</p>	<p>SINTAXE. INTRODUCCIÓN XERAL</p> <p>1. Unidades, funcións e relacións.</p> <p>2. A frase.</p> <p>ESTRUTURA DA PALABRA</p> <p>1. A estrutura da palabra: o morfema.</p> <p>2. Tipos de palabras.</p> <p>3. A formación das palabras.</p> <p>ORTOGRAFÍA.</p> <p>1. Ditongos e hiatos.</p> <p>2. O acento diacrítico.</p>	<p>1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.</p> <p>2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).</p> <p>3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.</p> <p>4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.</p> <p>5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC</p>	<p>Do 19-IX-22 ao 30-XI-22</p>

<p>6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>7. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.</p> <p>8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.</p> <p>9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.</p> <p>10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.</p> <p>11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>		<p>así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.</p> <p>6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>7. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.</p> <p>9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p>10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.</p> <p>11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	
---	--	---	--

Bloque 2

1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.
2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.
3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.
4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.
6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e

1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.
3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.
4. Analizar e comentar textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de produción, revisión e corrección final do texto.
6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.

cohesión.			
<p>Bloque 3</p> <p>1. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.</p> <p>2. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.</p> <p>3. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.</p>		<p>1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado.</p> <p>2. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.</p> <p>3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.</p> <p>4. Identificar e utilizar progresivamente os coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.</p>	

BLOQUE 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE	DE	INDICADORES CONSECUCIÓN	DE	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais e a situación en que se	1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal,		1. escoita de maneira activa. 2. É quen de identificar textos orais de diferentes tipos		Exercicios orais na aula: tomar apuntamentos, análise crítica de vídeos, gráficos, textos lidos na clase...	CCL CSC CAA AIP

<p>desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.</p> <p>2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).</p> <p>3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.</p> <p>4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.</p> <p>5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con</p>	<p>producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</p> <p>2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p> <p>4. Identifica as ideas principais e os contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia) sobre temas especializados do ámbito educativo.</p> <p>5. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>6. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden dunha exposición oral.</p> <p>7. Interpreta e identifica a</p>	<p>(formais ou informais, académicos, dos medios de comunicación de masas etc.)</p> <p>3. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias e é quen de recollelas en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>4. É quen de facer unha síntese do contido de textos orais de diferentes tipos.</p> <p>5. Realiza interpretacións, reflexións e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distintos tipos.</p> <p>6. Recoñece as distintas estratexias para organizar o contido nunha exposición oral sobre un tema do ámbito educativo, científico ou cultural.</p> <p>7. Toma notas para facilitar a comprensión do discurso oral e para ampliar ideas.</p> <p>8. É quen de identificar as características e estrutura dos anuncios sonoros e audiovisuais.</p> <p>9. Ten capacidade para</p>		
---	--	--	--	--

<p>control das emocións ao falar en público.</p> <p>6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>7. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións arredor dun tema de actualidade.</p> <p>9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p>10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.</p> <p>11. Participar oralmente cunha</p>	<p>intención comunicativa, o tema e a estrutura dos anuncios sonoros e/ou audiovisuais.</p> <p>8. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.</p> <p>9. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais que se empregan habitualmente na publicidade para convencer os/as destinatarios/as.</p> <p>10. Analiza criticamente a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.</p> <p>11. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.</p> <p>12. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>	<p>identificar as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social</p> <p>10. É quen de analizar os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer as persoas destinatarias.</p> <p>11. É quen de explicar eses mesmos recursos.</p> <p>12. É capaz de analizar criticamente a forma e contido das mensaxes publicitarias.</p> <p>13. Evita usos lingüísticos discriminatorios.</p> <p>14. Coñece e valora as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.</p> <p>15. Sabe aplicar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.</p> <p>16. Respecta as quendas e as opinións alleas.</p> <p>17. Valora e emprega os trazos non verbais que acompañan o discurso: aspectos prosódicos</p>		
---	---	---	--	--

<p>fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>13. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>14. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>15. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. Cínguese ao tema e non divaga.</p> <p>16. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>17. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non atopa a expresión precisa.</p> <p>18. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>19. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar</p>	<p>(como a entoación, as pausas, o ton, o timbre e o volume) e linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo).</p> <p>18. Valora o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>19. Planifica os seus textos orais para producir discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>21. Revisa os borradores e esquemas.</p> <p>22. Presenta os contidos de forma clara e ordenada.</p> <p>23. Presenta os contidos con corrección gramatical.</p> <p>24. É quen de cingirse ao tema e non divagar.</p> <p>26. Consegue o necesario autocontrol das emocións para falar en público.</p> <p>27. É quen de expresarse con fluidez.</p> <p>28. Recorre a paráfrases ou circunloquios cando o precisa.</p> <p>29. Sabe utilizar o rexistro adecuado á situación</p>		
---	--	--	--	--

	<p>gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexadas, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>20. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexadas, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>21. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, do n velar e do fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>22. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>23. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> <p>24. Desenvolve un tema do</p>	<p>comunicativa.</p> <p>30. Ten o hábito de consultar fontes de información diversas, empregando as TIC para documentarse.</p> <p>31. Revisa gramaticalmente os textos e elabora unha boa presentación.</p> <p>32. Expón un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>33. Emprega léxico preciso e especializado para expoñer un tema do currículo, evitando o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> <p>34. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa, con coherencia e cohesión.</p> <p>35. Respecta nas súas producións orais espontáneas as regras morfosintácticas, en especial a colocación do pronome átono.</p> <p>36. Emprega a fonética galega.</p> <p>37. Usa nos textos orais</p>		
--	--	--	--	--

	<p>currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>25. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> <p>26. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.</p> <p>27. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>28. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.</p> <p>29. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p>	<p>espontáneos expresións propias do galego (infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada), así como un léxico rico e variado.</p> <p>38. É quen de achegar argumentos comprensibles e convincentes.</p> <p>39. Emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>40. Identifica nas emisións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética inadecuada), as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>41. Identifica nas emisións propias as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>42. Crea e aplica estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.</p> <p>43. É que de recoñecer a emisión dunha pronuncia galega correcta.</p> <p>44. Identifica os erros na</p>		
--	---	---	--	--

	<p>30. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.</p> <p>31. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>32. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>33. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	<p>produción oral allea</p> <p>45. Produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>46. É capaz de recoñecer os prexuízos que se asocian á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>47. Ten capacidade de rexeitar argumentadamente os prexuízos que se asocian á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>48. Emprega a variante dialectal propia, no caso de tela.</p> <p>49. Asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>		
--	---	--	--	--

BLOQUE 2

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DE INDICADORES DE CONSECUCIÓN	DE ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
	<p>uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>30. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.</p> <p>31. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>32. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>33. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	<p>desviacións da norma.</p> <p>41. Identifica nas emisións propias as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>42. Crea e aplica estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.</p> <p>43. É que de recoñecer a emisión dunha pronuncia galega correcta.</p> <p>44. Identifica os erros na produción oral allea</p> <p>45. Produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>46. É capaz de recoñecer os prexuízos que se asocian á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>47. Ten capacidade de rexeitar argumentadamente os prexuízos que se asocian á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>48. Emprega a variante dialectal propia, no caso de</p>		
--	--	--	--	--

		tela.		
		49. Asúmea como a variedade habitual do seu contexto.		

BLOQUE 2

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DE	INDICADORES DE CONSECUCIÓN	DE	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.</p> <p>2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.</p> <p>3. Realizar traballos educativos individuais e/ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.</p> <p>4. Facer análise e comentario de</p>	<p>1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.</p> <p>2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.</p> <p>3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.</p> <p>4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e</p>		<p>1. É quen de sintetizar as ideas fundamentais dun texto elaborando resumos, esquemas e mapas conceptuais.</p> <p>2. Entende o sentido do texto.</p> <p>3. Identifica o propósito comunicativo do/da autora en textos expositivos ou argumentativos.</p> <p>4. Xerarquiza as ideas dos textos.</p> <p>5. Consulta diversos recursos para comprender mellor a información.</p> <p>6. Consulta diversos recursos para complementar as súas</p>		<p>Elaboración de textos expositivos-argumentativos e análise de textos escritos de diferente tipoloxía</p>	<p>CCL CSC CAA AIP CEC CD</p>

<p>textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.</p> <p>5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de produción do texto á súa revisión e corrección final.</p> <p>6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.</p>	<p>complementar as súas producións.</p> <p>5. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.</p> <p>6. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.</p> <p>7. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>8. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.</p> <p>8. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.</p> <p>9. Organiza os contidos dos seus traballos en función</p>	<p>producións.</p> <p>7. Planifica a elaboración dos seus textos para lograr que teñan unha forma clara e ordenada.</p> <p>8. Revisa o proceso de escritura para mellorar a produción dos propios textos.</p> <p>9. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado.</p> <p>9. Produce textos propios de distintos ámbitos organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.</p> <p>10. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>11. Usa o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual).</p> <p>12. Redacta empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal.</p> <p>13. Emprega léxico preciso.</p>		
---	---	--	--	--

	<p>duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.</p> <p>10. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.</p> <p>11. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.</p> <p>12. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.</p> <p>13. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes e os procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía.</p> <p>14. Utiliza procesadores de texto e correctores</p>	<p>14. Evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.</p> <p>15. Organiza os contidos dos seus traballos en función dos seus obxectivos.</p> <p>16. Contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.</p> <p>17. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.</p> <p>18. Recoñece e explica a función no texto dos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.</p> <p>19. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais.</p> <p>20. Compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.</p> <p>21. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes e os procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía.</p>		
--	--	---	--	--

	<p>ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.</p> <p>15. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.</p> <p>16. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.</p>	<p>22. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.</p> <p>23. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.</p> <p>24. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.</p>		
--	--	--	--	--

BLOQUE 5

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DE INDICADORES DE CONSECUCIÓN	DE ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
1. Identificar, analizar e describir, dentro da literatura galega de 1975 ata a actualidade, o panorama da Poesía: temas, xéneros e subxéneros e estéticas dos/das principais autores/as dos 80,	1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, dos 90 e do novo século.	1. Identifica a produción poética de 1975 ata a actualidade. 2. Contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a poesía desta etapa.	Exercicios de análise de textos poéticos da literatura actual	CCL CSC CAA AIP CEC CD

<p>dos 90 e do novo século.</p> <p>2. Identificar, analizar e describir, dentro da literatura galega de 1975 ata a actualidade, o panorama do Teatro: temas, xéneros e subxéneros e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, dos 90 e do novo século.</p> <p>3. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade dos xéneros poético e teatral, identificar as súas características xenéricas, temáticas e formais e a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>4. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.</p>	<p>2. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, dos 90 e do novo século.</p> <p>3. Le e comenta textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade dos xéneros poético e teatral, caracterízaos formal, xenérica e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.</p> <p>3. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.</p>	<p>3. Describe as principais obras das autoras e autores máis salientables desta etapa.</p> <p>4. Identifica a produción teatral de 1975 ata a actualidade.</p> <p>5. Contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción teatral desta etapa.</p> <p>6. Describe e analiza as principais obras das autoras e autores máis salientables do teatro desta etapa.</p> <p>7. Le e comenta textos significativos das obras de poesía máis relevantes da literatura galega de 1975 ata a actualidade.</p> <p>8. Le e comenta textos significativos das obras de teatro máis relevantes da literatura galega de 1975 ata a actualidade.</p> <p>9. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.</p>		
---	---	--	--	--

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1.-TEMPORALIZACIÓN

Os bloques da materia Lingua e Literatura de 2º de Bacharelato: os contidos de lingua, literatura e sociolingüística serán combinados para conseguir unha maior variedade de contidos en cada trimestre, e un reparto dos mesmos máis equilibrado. A distribución de materia por trimestres será:

1º TRIMESTRE:

- ✚ Catro primeiros temas de literatura, dous primeiros de lingua e sociedade, fonética e fonoloxía e morfoloxía: estrutura e formación de palabras.

2º TRIMESTRE:

- ✚ Catro temas de literatura, dous de lingua e sociedade, repaso de morfoloxía (pronome, verbo), sintaxe, semántica e lexicoloxía.

3º TRIMESTRE:

- ✚ Catro temas de literatura, dous de lingua e sociedade, repaso de morfoloxía, continuación de sintaxe e dialectoloxía.

2.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

O nivel de coñecementos de lingua galega e literatura que se adquire ao rematar o bacharelato corresponde ao dunha persoa capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre temas de certa complexidade e para distintos fins e mostrar un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica.

O currículo desta materia preséntase dividido en varios bloques: contidos comúns (aos dous cursos de bacharelato), contidos de lingua e texto, contidos relativos á situación sociolingüística e, por último, contidos de Literatura:

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.
- Produción de textos escritos respectuos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

Lingua e texto.

A. COMPETENCIA COMUNICATIVA

- **COMPRESIÓN DO TEXTO:** resumo, estrutura, esquema, ideas principais e secundarias, intencionalidade do texto, significado concreto de palabras, expresións ou fragmentos do texto. Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.
- **PRODUCCIÓN TEXTUAL:** elaboración de textos expositivos/argumentativos coherentes, ben estruturados e adecuados á situación comunicativa.

B. CONTIDOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

Lingua e gramática

- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas cos seus trazos distintivos.
- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.
- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Morfoloxía e sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica. Morfoloxía: substantivo, adxectivo pronome, verbo, determinantes, conxuncións.
- Lexicoloxía e semántica : campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

Lingua e sociedade.

- 1.- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - 2.- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - 3.- O galego, lingua en vías de normalización.
 - 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - 5.- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- Aplicación dos conceptos teóricos recollidos nestes seis temas a unha análise pormenorizada dun texto, gráfico, viñeta... que se propoñerá como estímulo para redactar un texto coherente, ben estruturado cunha extensión aproximada de 250 palabras.

Educación literaria.

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- 5.- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

- 6.- A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- 7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
- 8.- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.
- 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

- A partir dun texto literario (narrativo, poético ou teatral): análise das características representativas do seu autor ou autora, contextualización da obra, outras obras dese autor ou autora, así coma outros da época, grupo ao que pertence... Esta redacción debe ter unha extensión aproximada de 250 palabras.

3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada trimestre realizaranse tres probas escritas que representarán o **90% da cualificación** de cada trimestre. Cada unha delas consistirá:

- 1ª PROBA: Avaliación da **Competencia comunicativa: 3 puntos**
 - a) **Comprensión do texto** (1 pregunta) baremada con **1 punto**: resumo, esquema, estrutura (ideas principais e secundarias, tema, intención comunicativa); definición de palabras ou explicación de expresións tiradas do texto; recoñecemento de elementos cohesivos.
 - b) **Producción textual** (1 pregunta) baremada con **2 puntos**: redación dun texto argumentativo ou expositivo coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente cunha extensión aproximada de 250 palabras.
- 2ª PROBA: Avaliación do **Funcionamento da lingua e Lingua e sociedade: 4 puntos**
 - a) **Funcionamento da lingua** (2 apartados: **2 puntos**) baremadas con 1 punto cada unha: fonética e fonoloxía, morfoloxía, semántica, sintaxe ou dialectoloxía.
 - b) **Lingua e sociedade** (1 pregunta: referida a 2 dos temas en cada avaliación) baremado con **2 puntos**. A partir dun estímulo (gráfico, viñeta, texto...) redactará un texto de 250 palabras aproximadamente no que plasmará os conceptos teóricos recollidos nos dous temas traballados na clase durante o trimestre. Nesta pregunta poderá chegar a perder un máximo de 1 punto polos erros ortográficos.
- 3ª PROBA: Avaliación da **Educación literaria: 3 puntos**
 - a) A partir dun texto literario, elaboración dunha redacción de 250 palabras aproximadamente no que se pedirá: características da obra dese autor ou autora, outras obras relevantes, contextualización da obra, outros autores ou autoras da súa xeración... Baremarase sobre **2 puntos**, nesta redacción o alumno poderá chegar a perder un máximo de 1 punto polos erros ortográficos.

- b) Nun segundo apartado pediráselle ao alumno algún aspecto concreto e breve sobre outro autor ou autora dun tema de literatura diferente ao anterior, dalgún dos outros tres temas de literatura dos catro que se traballan en cada trimestre. Puntuarase sobre **1 punto**.

A suma destes tres parciais constituirá o **90% da cualificación** de cada trimestre o **10% restante** recollerá o **traballo persoal e uso oral da lingua galega**. Este apartado quedará reflectido na ficha de cada alumno coa entrega puntual de:

- ✚ Comentarios elaborados polo propio alumno a partir de textos literarios sobre os temas de literatura ou a partir de gráficos, mapas, viñetas sobre os temas de lingua e sociedade, a modo de ensaio previo á proba de avaliación.
- ✚ Elaboración de textos expositivo-argumentativos e comprensión de textos, a modo de práctica previa ao exame de avaliación.

- Por acordo deste departamento nos exames ou traballos entregados avaliarase a **corrección ortográfica** no uso da lingua galega. Para isto seguiranse as mesmas pautas de corrección que se lle aplicarán ao alumno nas futuras ABAU:
 1. Moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico galego (tempos compostos, mala colocación do pronome átono...) Descontarase 0,2 puntos.
 2. Graves: solucións contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...) Acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 puntos.
 3. Leves: solucións alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizarase 0,05.

Poderase descontar por faltas de ortografía e erros gramaticais ata un máximo de **1 punto, en cada un dos tres parciais** realizados:

- 1.- Producción textual (-1 punto ortografía)
- 2.- Lingua e sociedade (-1 punto ortografía)
- 3.- Educación literaria. (-1 punto ortografía)

Podendo perder un máximo de 3 puntos na totalidade dos tres parciais realizados, igual ca nas probas de ABAU.

- O alumno/a que non acade unha cualificación positiva nun trimestre realizará unha **Proba de recuperación** unha vez pasado o trimestre. Na proba recollerase toda a materia traballada que foi obxecto de estudo nese trimestre, é dicir, a comprensión textual, a lingua e a gramática, os dous temas de lingua e sociedade e os catro temas de literatura. Non se pedirá nesta proba o exercicio de elaboración do texto expositivo-argumentativo co fin de que o alumno/a poida realizar a proba en 50 minutos de sesión de clase e mais os 20 minutos de recreo, este exercicio será substituído por cuestións breves de lingua e comprensión do texto.
- As preguntas referidas ao estudo da lingua e gramática, unha vez que estean traballadas na aula: Fonética e fonoloxía, morfoloxía e sintaxe, semántica e lexicoloxía, dialectoloxía, terán carácter continuo e poderán aparecer en todas as probas que se realicen ao longo do curso.
- O alumno/a que desexa complementar o estudo da literatura galega do século XX e XXI poderá realizar lecturas, de **carácter voluntario**, unha en cada trimestre, podendo chegar a sumar un máximo de **1 punto** sobre a nota da avaliación. Para isto, o alumno/a comunicarllo á profesora ao comezo do trimestre que o asesorará na escolla da obra e lle proporcionará unha guía de lectura que será entregada un mes antes da xunta de avaliación do trimestre. As propostas de lecturas son:

Na noite estrelecida, De catro a catro, Cousas, Os dous de sempre, Arredor de si, O porco de pé, Longa noite de pedra, Terra Chá, Merlín e familia, A esmorga, Vento ferido, O crepúsculo e as formigas, Fábula, O club da calceta, Infamia, Beleza vermella, Limpeza de sangue, Comedia bífida, Senlleiras.

Este listado queda aberto a outras posibles lecturas sobre as que o alumno/a mostre interese a medida que vaia coñecendo os autores e autoras da nosa literatura actual.

- **O uso de calquera caste de medio fraudulento** na realización de actividades ou exames implicará a obtención automática dun cero (0) na cualificación dese instrumento de avaliación. Entendendo por método fraudulento calquera copia, ben sexa a través de medios tecnolóxicos (móbil, reloxos intelixentes...) ben sexa pola copia de tarefas, exame... dun compañeiro.

4.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1.- PROBAS ESCRITAS: 90% da cualificación

As tres probas trimestrais desglosarán o modelo dos exames de ABAU, sumando entre eles **10 puntos** que constituirán o 90% da cualificación do trimestre:

- 1.- Proba da **Competencia comunicativa: (3 puntos)**
 - a) Comprensión do texto (1 pregunta entre varias posibles) baremada con **1 punto**.
 - b) Producción textual baremada con **2 puntos**.
- 2.- Proba de **Funcionamento da lingua e Lingua e sociedade: (4 puntos)**
 - a) Funcionamento da lingua (2 preguntas baremadas con 1 punto cada unha) **2 puntos**
 - b) Lingua e sociedade (1 pregunta) baremada con **2 puntos**.
- 3.- Proba de **Educación literaria: (3 puntos)**
 - a) Redacción a partir dun texto literario, seguindo o modelo proposto para as ABAU, onde se recollen aspectos teóricos de contexto, obras, autores da época... baremado con **2 puntos**.
 - b) Breve pregunta sobre outro autor ou autora, tendencia literaria, xeración, contexto... doutro dos tres temas de literatura que foron abarcados en cada trimestre, baremada esta pregunta con **1 punto**.

2.- TRABALLO PERSOAL E USO ORAL DA LINGUA GALEGA: 10% da cualificación.

Este apartado quedará reflectido na ficha de cada alumno coa entrega puntual de:

- ✚ Comentarios elaborados polo propio alumno/a a partir de textos literarios sobre os temas de literatura ou a partir de gráficos, mapas, viñetas sobre os temas de lingua e sociedade, a modo de ensaio previo á proba de avaliación.
- ✚ Elaboración de textos expositivo-argumentativos e comprensión de textos, a modo de práctica previa ao exame de avaliación.

Baremarase neste apartado o **uso oral da lingua galega** en todas as intervencións que faga o alumno/a durante a sesión da clase. Así coma: participación, actitude, entrega puntual do traballo solicitado e a súa implicación na aprendizaxe da materia. **O uso obrigatorio e exclusivo da lingua galega durante o desenvolvemento das clases é un requisito imprescindible para poder sumar o total deste apartado do 10%.** Requeriráselle ao alumno ou alumna que así o faga en cada unha das súas intervencións orais, de incorrer de maneira continuada no uso do castelán nas súas intervencións perderá a puntuación deste apartado, independentemente de que teña entregado os traballos en tempo e de forma correcta.

3.- LECTURAS VOLUNTARIAS (1 punto)

O alumno/a que desexe complementar o estudo da literatura galega do século XX e XXI poderá realizar lecturas, de **carácter voluntario**, unha en cada trimestre, podendo chegar a sumar un máximo de **1 punto** sobre a nota da avaliación.

CUALIFICACIÓN

A suma dos tres apartados anteriores constituirá a nota acadada en cada trimestre, no caso de que a cifra resultante non fose un enteiro, procederase ao seguinte **redondeo: ao enteiro superior farase a partir de 0,6 e ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.**

RECUPERACIÓN

No caso de que o alumno/a non acade nun trimestre unha cualificación positiva, realizarase unha proba de recuperación de maneira inmediata ao comezo do seguinte trimestre. Na proba recollerase toda a materia traballada que foi obxecto de estudo nese trimestre, é dicir, a comprensión textual, a lingua e a gramática, os dous temas de lingua e sociedade e os catro temas de literatura. Non se pedirá nesta proba o exercicio de elaboración do texto expositivo-argumentativo co fin de que o alumno/a poida realizar a proba en 50 minutos: unha sesión de clase e de ser necesario e posible 20 minutos máis do recreo. A nota obtida nesta proba de recuperación terá o mesmo sistema de **redondeo** mencionado anteriormente.

CUALIFICACIÓN FINAL DA AVALIACIÓN ORDINARIA DE MAIO

A nota da avaliación ordinaria de maio será a media aritmética das tres avaliacións. No caso de que saia unha cifra con decimais procederase ao **redondeo**, xa citado anteriormente, acordado por este departamento: **ao enteiro superior farase a partir de 0,6 e ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.**

No caso dos alumnos/as que tiveran que presentarse a unha ou varias probas de recuperación, a nota final de maio obterase da media aritmética desas probas de recuperación independentemente de que sexa esta máis alta ou máis baixa que a obtida no trimestre. A media será aritmética entre as tres notas obtidas: de avaliación do trimestre, as que estean aprobadas, ou as de recuperación, cando non foron superadas no trimestre. No caso de que a cifra sexa decimal procederase ao redondeo citado.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación extraordinaria será o resultado exclusivo de exame, procedendo ao citado redondeo no caso de que a nota numérica non fose unha cifra enteira: **ao enteiro superior a partir de 0,6 e ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.**

Os CONTIDOS obxecto de avaliación serán o temario completo de 2º bacharelato. A proba será semellante a un exame de ABAU, recollerá:

- a) Comprensión textual (**1 punto**)
- b) Lingua e gramática (3 preguntas) baremadas con (**3 puntos**)
- c) Lingua e sociedade (1 pregunta: referida a 6 temas) baremado con (**2 puntos**).
- d) Literatura (un comentario de texto literario dun autor ou autora dos doce posibles temas de literatura) (**2 puntos**)
- e) Texto expositivo- argumentativo (**2 puntos**)

Recordamos aquí que se poderá descontar nesta proba por faltas de ortografía e erros gramaticais ata un máximo de 2 puntos.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciarnos:

Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.

As actividades serán o máis variadas, ricas e polivalentes posíbel, procurando que sexan estruturadas dun xeito progresivo para atender ao desenvolvemento cognitivo do alumnado e dinamizar a súa aprendizaxe.

A inmensa maioría das actividades que se deseñen durante os dous cursos do bacharelato terán como **eixo fundamental o texto**, xa sexa na súa vertente lingüística ou na literaria. Os compoñentes do Departamento de Lingua e Literatura Galega pensamos que é básico o uso e dominio dos distintos textos neste nivel, pois é no texto onde o/a alumno/a atopará comprendido todo o corpus lingüístico e literario que deberá dominar e manexar.

Así pois, o alumnado traballará unha importante cantidade de textos, a partir dos cales o ensinante deseñará unhas actividades de traballo variadas, co fin de que comprendan os contidos que os mozos e as mozas deben asimilar. Deste xeito, realizaranse actividades en que se lean, escoiten, constrúan, transformen, analicen e comenten textos lingüísticos,

xornalísticos e literarios de todo tipo, tanto orais como escritos: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, dialogados...

Ademais do sinalado anteriormente, o texto será obxecto intrínseco de estudo nas actividades propias de *análise textual* (procedementos de coherencia e cohesión, desenvolvemento e progresión temáticos, adecuación ao contexto, identificación de funcións comunicativas, selección de parágrafos, identificación de argumentos, identificación de conectores, distinción de ideas principais e secundarias...).

Polo que se refire ao *texto literario*, combinaranse as actividades de análise textual coas de achegamento directo a obras literarias e á súa análise.

Polo que se refire ao comentario de textos literarios, intentaranse deseñar unhas actividades baseadas nun primeiro momento no comentario guiado, que poderán e deberán ser transcendidas segundo se avanza na etapa para dar progresivamente maior entrada ás opinións persoais, reflexións críticas e comentarios libres ou intertextuais dos alumnos e alumnas. Contaremos coas TIC para facilitar o acceso a textos orais e escritos, como medio de investigación e de resolución de dúbidas como ferramenta imprescindible da sociedade actual.

Por último, non se descoidarán as *actividades orais*, fundamentais para o dominio da lingua en todos os seus rexistros, que poderán ser integradas con outras actividades e tamén serán obxecto de actividades autónomas, tales como exposicións, lecturas expresivas, construcións de textos orais extensos e coherentes, exercicios de fonética...

f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

Os materiais para este curso serán organizados polo profesor, tendo en conta as aportacións de diferentes libros de texto como apoio á materia. O material estará a disposición do alumno/a na fotocopiadora do instituto e na **AULA VIRTUAL**, na cal a profesora estruturará todo o material para que estea dispoñible para o alumnado en todo momento. Usarase tamén a aula virtual para activar cuestionarios, antoloxías de textos literarios, exercicios de prácticas previos aos exames, modelos de exames ABAU... é dicir, todo o material que o alumnado necesite, ademais de servir de vía de comunicación directa con el.

Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
Vídeos en DVD ou na Rede.
Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente figuran asociados nas táboas xerais indicadas anteriormente.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos coa materia pendente do curso anterior realizarán un parcial da materia durante o mes de novembro, e outro parcial en xaneiro, que versarán sobre os contidos mínimos fixados polo Departamento. De non superar os exames parciais, que fan media entre eles, terán que presentarse a un exame final, de características similares, no mes de maio.

Os alumnos pendentes terán un seguimento por parte do profesor/a na súa evolución e consulta das dúbidas previas a cada exame e preparación do exame ao que terán que presentarse para acadar unha valoración positiva. A profesora proporcionará a cada alumno un material que recollerá os contidos necesarios para realizar cada un dos dous parciais. Seránlle entregados ao alumno/a un, no comezo do 1º trimestre, e outro, no comezo do 2º trimestre para realizar na casa, previamente a cada unha das probas. A profesora no día a día fará un seguimento desta tarefa, asegurándonos que ten o material para realizalo, así como marcando os ritmos de traballo. O día do exame o alumno/a acudirá con estas tarefas realizadas, o exame versará sobre esas cuestións previamente realizadas.

O redondeo de notas con decimais unicamente se fará á alza (á nota seguinte) se alcanza as 6 décimas.

A constatación dun exame fraudulento suporá unha calificación de cero.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Ao ser a nosa materia común a todo o alumnado non se ve afectada por este epígrafe.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

En 2º de bacharelato, non se realizará unha proba inicial en sentido estrito: a gran maioría xa cursou 1º bacharelato neste centro, e a persoa que lles impartiu clase é a mesma. De feito, nas primeiras semanas de setembro a profesora proporcionaralles a cada alumno/a os erros ortográficos máis graves, erros na redacción que figuran na súa ficha do curso de 1º bacharelato, para que poidan corríxilos xa na primeira proba-exame que realicemos.

Na primeira quincena do curso realizarase na aula un traballo exhaustivo de comprensión de textos: tema, resumo, estrutura, esquema, significado de palabras ou expresións dun texto, así como unha produción textual, esta última será recollida a aquel alumnado de nova incorporación co fin de detectar os problemas e tomar as medidas necesarias.

I) Medidas de atención á diversidade

O Departamento de Lingua e Literatura Galega participará, sempre que sexa posíbel e o permita a disponibilidad horaria do profesorado adscrito ao mesmo, no proceso de atención á diversidade a través das clases de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe. Así mesmo, favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado que presente retraso académico. As actividades desenvolvidas contarán coa correspondente avaliación continua das aprendizaxes.

Os alumnos/as que cursan este ano 2º bacharelato recibiron clase de Lingua galega e literatura en 1º de bacharelato por parte da mesma profesora, isto supón unha gran vantaxe: xa temos identificados os casos que necesitan adaptacións, debido aos seus diagnósticos, que a estas alturas da súa vida académica, xa están moi ben diagnosticados. Neste nivel as medidas de atención á diversidade centráanse nas mesmas coas que terán nas probas ABAU, no caso de que se presentasen:

- ✓ Flexibilidade no tempo á hora de realizar os exames.
- ✓ Atención directa durante a realización das probas: ao comezar o exame, para explicar os enunciados, subliñar o máis importante, asegurándonos de que entendeu correctamente todos os enunciados; na metade do exame acercarnos para preguntar como vai, comprobar o ritmo que leva e responder algunha dúbida que lle facilite a continuidade e sobre todo para transmitir seguridade.
- ✓ Flexibilidade na corrección do seu traballo ou probas: no que se refire á redacción e a algúns erros ortográficos menos graves.
- ✓ No día a día, ao remate das sesións, comprobar que non teña dúbidas e interesarnos por como leva os tempos de estudo, así como asegurarnos que ten ben claras as datas de probas, entrega de tarefas...

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

A materia de Lingua galega e literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e da educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos sobranceiros podemos poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias de autores e autoras como Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Castelao, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, María Xosé Queizán, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Ana Romaní, Teresa Moure, María Reimóndez, Antón Lopo e un longuíssimo etcétera.

O estudo da traxectoria e obra literaria das autoras nomeadas e dalgún dos autores facilitarán a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade da realidade homosexual e todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido crítico. Falamos de actividades como recitais, representacións teatrais, debates, e concursos de contacontos.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

En principio, non se contemplan actividades complementarias e extraescolares neste nivel de 2º bacharelato, debido á necesidade de aproveitar as sesións de clase para lograr abarcar todo o temario.

Con carácter excepcional podería incluírse ao longo do curso a asistencia a algunha representación teatral que nos ofrecesen na zona e sempre que a obra complementase os contidos traballados, ben sexan literarios, ben sexan de sociolingüística. Neste momento estamos á espera da chegada das programacións das compañías ou das institucións que programan representacións para escolares.

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Como marca a lei, o Departamento réunese unha vez ao mes e un dos obxectivos destas reunións é realizar un seguimento da programación, unha análise das dificultades que van xurdindo e a procura de estratexias para mellorar os resultados acadados polo alumnado.

Outro mecanismo de revisión e avaliación é a análise dos datos do remate do curso que figurarán na Memoria final e que poden axudar a ter unha idea máis precisa dos acertos e das dificultades que se produciron ao longo do curso, así como a necesidade de realizar cambios nalgún aspecto ou de manter liñas de traballo que deron resultados satisfactorios.

SINATURAS

Constituimos este Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Isaac Díaz Pardo os profesores: M^a Pilar García López , Montserrat Yoldi Sanmartín, Lidia Gomez Martinez e Ana Casas Añon .

SADA, 15 DE OUTUBRO DE 2022

•

MEMBROS DO DEPARTAMENTO E CURSOS IMPARTIDOS

O reparto de grupos é o seguinte:

Pilar García	3 grupos de 2º de Bacharelato , 3 grupos de 1º de Bacharelato
Montserrat Yoldi	Coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística Catro cursos de 3º ESO Dous cursos de 2º de ESO
Lidia Gomez	Dous cursos de 1º de ESO Dous cursos de 2º de ESO Ensinanza de adultos
Ana Casas	Xefa de Departamento Tres cursos de 4º de ESO Dous cursos de 1º de Bacharelato